

TEXTO CONSOLIDADO DA INSTRUCIÓN DA XERENCIA, DO 13 DE MAIO DE 2020, POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS DEVOLUCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS E ADMINISTRATIVOS

Este procedemento aplicarase para tramitar as devolucións de prezos públicos do alumnado matriculado en titulacións oficiais, así como, as devolucións xeradas pola concesión de premios extraordinarios na Universidade da Coruña (UDC).

1.- NORMATIVA

Os expedientes de devolución de prezos públicos deberán cumprir coa Normativa de xestión académica (NXA) vixente en cada curso académico, co decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia, e coas demais instrucións e resolucións que poidan afectar á xestión académica.

2.- PROCEDEMENTO PARA SEGUIR

As administracións dos centros, as UXAI e a Sección de Estudos de Doutoramento cando tramiten a devolución de prezos públicos, deberán enviar ao Servizo de Intervención a seguinte documentación, debidamente conformada polos centros xestores:

1. O anexo de “Revisión por acto administrativo para a devolución de prezos públicos”, coa indicación das causas polas que se xera a devolución, asinado polo/a responsable da Administración do centro, da UXAI ou da Sección de Estudos de Doutoramento, segundo corresponda.
2. O anexo de “Solicitud de devolución de prezos públicos” asinado pola persoa interesada.
3. O exemplar “Copia para a universidade” da “Folla de liquidación de prezos públicos por servizos académicos” aboada pola persoa interesada.
4. O exemplar “Copia para a universidade” da “Folla de liquidación de prezos públicos por servizos académicos negativa”, que indica a cantidade que se vai devolver, que xera o programa XESCAMPUS.
5. A impresión da *conta da persoa*, onde se reflictan os movementos que afectan ás liquidacións académicas e administrativas do alumnado, que xera XESCAMPUS. No caso de que o saldo que apareza nesta impresión non coincida co importe que se xera para a devolución, o/a responsable da Administración, da UXAI ou da Sección de Estudos de Doutoramento, explicará mediante unha dilixencia a discrepancia.

Código Seguro De Verificación	FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	19/06/2020 10:26:42
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==		



6. O documento acreditativo, asinado dixitalmente, do motivo da devolución (concesión de bolsa, resolución reitoral etc). No caso de que non leve sinatura dixital, deberá remitirse debidamente cotexado.

O/A alumno/a, que non estea dado de alta na base de datos de terceiros da Universidade da Coruña terá que iniciar o trámite [Alta/Baixa/Modificación terceiros](#) na Sede Electrónica da Universidade da Coruña

3.- PAGAMENTO DOS IMPORTES QUE CORRESPONDAN

Tras a fiscalización favorable da solicitude, o Servizo de Intervención tramitará o expediente ao Servizo de Xestión Financeira para proceder á devolución ao/á alumno/a do importe que corresponda.

4.- FORMA DE ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN

Mentres non se habilite o procedemento de tramitación de devolución de prezos públicos no catálogo de servizos da Sede Electrónica da UDC, deberá enviarse a solicitude xunto con toda a documentación indicada nesta instrución, por correo ordinario, ao Servizo de Intervención.

5.- ENTRADA EN VIGOR

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na Sede Electrónica da UDC. Non obstante, os expedientes que se iniciasen antes da entrada en vigor, pero estean sen resolver, poden acollerse ao estipulado nesta instrución, sempre que cumpran cos criterios establecidos.

Asinado dixitalmente polo xerente.

Código Seguro De Verificación	FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	19/06/2020 10:26:42
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==		



Centro:
Alumno/a:
DNI, NIE ou pasaporte:

Vista a solicitude de devolución presentada polo/a alumno/a, e contrastada coa documentación que se encontra no seu expediente académico existente neste centro, resulta o pagamento indebido pola seguinte causa:

Ser bolseiro/a. Resolución decanal. Outras causas segundo se detalla:

De acordo coa normativa vixente, faise constar que non foi tramitado con anterioridade ningún expediente de devolución por este concepto, polo que lle remito á Xerencia desta universidade a proposta da devolución da cantidade que máis abaixo se expresa, e que se deberá de ingresar na conta bancaria do/a alumno/a que consta na documentación que se achega xunto co expediente.

CONCEPTO	IMPORTE DOS SERVICIOS ACADÉMICOS ABOADOS INDEBIDAMENTE

O centro, a UXAI ou a sección de Estudos de
Doutoramento

O Servizo de Intervención

Asdo.:

Asdo.:

Vistas as actuacións realizadas, procede a devolución da cantidade indicada.

O/a xerente/a

Asdo.:

Documentos que se acompañan (dependendo da causa da devolución):

- Solicitude de devolución por parte da persoa interesada.
- Exemplar "Copia para a universidade" da "Folla de liquidación de prezos públicos por servizos académicos e administrativos".
- Exemplar "Copia para a universidade" da "Folla de liquidación de prezos públicos por servizos académicos e administrativos negativa".
- Impresión da "conta da persoa".
- Documento acreditativo do motivo da devolución.
- Outra documentación (indicala).

Código Seguro De Verificación	FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	19/06/2020 10:26:42
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==		



O/A INTERESADO/A:

Nome e apelidos		DNI, NIE ou pasaporte
Enderezo		Teléfono de contacto
		Correo electrónico
Código postal	Localidade	Provincia
Titulación		

EXPOÑO:

--

Por isto, SOLICITO:

A devolución da cantidade aboada que me corresponda do curso académico / .
--

A Coruña/Ferrol, de de

Asdo.:
Sr/a. Xerente/a da Universidade da Coruña

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que vostede nos facilite a través da presente solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a xestión e resolución da súa solicitude. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Ao completar este formulario, vostede consinte expresamente no citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base en algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. Así mesmo, vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á/ao Delegada/o de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Código Seguro De Verificación	FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	19/06/2020 10:26:42
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FxwBLLEu2mQS+ddoelLwTw==		

